

INTRES, A NOSA HISTORIA

Con este título de INTRES aparecía o primeiro número en decembro de 1982; na portada figuraba a caricatura de V. Risco (a quen se lle dedicara o Día das Letras), obra da profesora Isabel Trullós. (O pasado maio, 2006, saía o número 49).

Nunha aula do daquela Instituto de Bacharelato, que ocupaba o curso 2º B, na clase de Literatura Española, empeza a tomar forma a idea de "facer algo" que non fose o mero traballo académico; e daquel grupo, ilusionado por Xosé Manuel Mexuto Seoane (hoxe, xornalista, xefe de imprenta dunha coalición política), xurdiu o plano de publicar unha "revista" estudantil/escolar. O profesor daquela materia era M. Díaz G. E @s alumn@s que máis comezaron a organizarse e colaborar eran José Ramón Irago, M. Ángel García Vila, Cristina Cea Vázquez, Rafael Cagide; Vitor Mexuto Seoane, aínda en 1º curso, encargouse dos debuxos...

Antes saíran dous números co título de XENTE NOVA I e II; o 2º, en maio de 1982 (dedicado a L. Amado Carballo, coma o Día das Letras).

No aspecto técnico, os medios daquela existentes eran: unha máquina de escribir (anos despois, electrónica xa), os clichés, a "multicopista", a paciencia infinita do bedel que a imprimía, don Genaro Sueiro, máis a ilusión dun grupo de voluntarias que axudaban na tarefa

de "encadernación": grampar os folios, escritos só por unha cara. E así até 18 números realmente "artesanais" (anos 1982-1989).

O número 19 aparece case todo escrito en ordenador, pero aínda había páxinas a máquina. Pouco e pouco foron mellorando os seguintes números: todo escrito xa en ordenador, maquetados e encadernados dignamente...

En canto ao número de páxinas deuse tamén un cambio, normal polo demais, ao pasarmos dos métodos manuais aos algo máis tecnoloxicamente avanzados: dos 20 folios aos 30; mesmo algún número superou o cento de páxinas fotocopiadas. Na época dos ordenadores e das fotocopiadoras, aumentou o número de páxinas e as ilustracións (sobre todo os cómics).

Desde o mesmísimo número I (1982) contaba xa cunha liña editorial e unhas claras reivindicacións de liberdade e independencia ideolóxica. Ese Editorial falaba de:

"O noso propósito primario é lograr encher ese baleiro que agora mesmo existe no Instituto; esa lagoa é que nós, os alumnos non temos unha representación propia activa (posto que os "delegados" son só meros títulos honoríficos); non temos un órgano de expresión onde poder expresar libremente as nosas opinións... Por iso xorde



INTRES, A NOSA HISTORIA

Intres
4
Febreiro 2007



INTRES, que pretende ser un xornal do alumnado, no que todo estudante ten unha fiestra aberta para... expoñer as súas opinións nun marco, evidentemente, de respecto e educación, piares básicos da verdadeira e autentica liberdade de expresión... Tamén queremos contribuír... a un progresivo aumento do interese cultural no Instituto... Así o rapaz que escriba, debuxe, en definitiva que cree, terá no noso xornal un posto asegurado...

E todo isto en galego, porque nós, a gran maioría dos alumnos, coidamos que de agora en diante hai que tratar o galego coma unha xoia valiosísima xa que é o pilar básico da cultura galega, da nación galega, da nosa personalidade histórica coma pobo...

Non nos sentimos identificados con ningunha formación política ou grupo ideolóxico. Considerámonos unha revista absolutamente independente...

Até aquí a nosa pequena declaración de principios..."

E todo isto escrito (sen "inspiración" allea) por un alumno de 2º de bacharelato, a finais do 1982, non deixa de ter algúns méritos intelectuais e mesmo éticos.

No X aniversario, o número 20 (maio, 1991) recollía un resumo dos "20 números publicados... e dous máis, cando se chamaba XENTE NOVA".

En vésperas do nadal de

1982 aparecía nos corredores do Instituto o número 1 de INTRES, con alusións gráficas, en portada, ao tristemente célebre 23-F (1981), e aos "Nadales socialistas" na árbore navideña, coroada co puño e a rosa do PSOE; constaba de 18 folios.

O equipo de redacción estaba integrado por un Director: Xosé M. Mexuto; un Redactor xefe: Xosé Ramón Irago; e uns Redactores: Cristina Cea, Alberte Agra Freire, Buján, García Vila, R. Cagide.

No número 4 (Nadal, 1983), de 31 páxinas, escriben novas e máis numerosas plumas, que abordan, entre outros, os problemas da LODE e do ingreso de España na OTAN.

Por citar un caso concreto de defensa da liberdade de expresión, lembro a polémica que estalou entre algúns membros do equipo directivo do Centro e os da Redacción da revista, por mor da enquisa "¿Que pasa no Instituto?"; o responsable da publicación houbo de empregarse a fondo para que ambas as partes ofrecesen a súa visión dos feitos, sen censores nin censurados.

No número 8 (1985) aparece a sinatura de Lois Miguel Blanco Penas, hoxe coñecido xornalista.

O primeiro número enteiramente fotocopiado e encadernado foi o 13 (decembro de 1087), con 61

INTRES, A NOSA HISTORIA

páxinas. Gaña a revista en presentación visual e tamén en estrutura interna, configurando estas seccións que, malia ao cambio dos tempos e das persoas, se irán fundamentalmente mantendo: Sumario, Editorial, Relatos, Ensaíos-Estudos, Poesía, Humor e Pasatempos, Deportes; irá cobrando cada vez máis importancia e ocupará maior espazo o cómic/banda deseñada.

O primeiro récord do número de páxinas correspóndelle ao 16 (maio de 1989); empezan a colaborar máis membros do profesorado.

A partir do ano 1995, o instituto de Melide sofre cambios importantes que repercuten na revista do centro.

Por unha banda prodúcese a incorporación de todas as unidades de ESO, antes provisionalmente nos colexios de primaria, ao Instituto. Isto supón un aumento considerable no alumnado, e polo tanto, un aumento da "plantilla" dos colaboradores da revista. O profesorado de primaria que se incorpora ao centro implicase tamén no taller de prensa e funciona como ponte imprescindible entre o alumnado, incentivando a entrega de traballos e facendo tarefas de selección e corrección de material.

Por outra banda, o Instituto múdase a un novo edificio en 1998, que conta cunha serie de espazos e

medios necesarios e imprescindibles cos que non contaba o edificio anterior. O Equipo de Normalización Lingüística, que se encarga da revista INTRES, conta agora cun espazo propio e medios informáticos: ordenador con impresora e posteriormente conexión a internet, que influirán decisivamente na forma de traballo do taller de prensa.

Nestes momentos o Instituto, seguindo unha tradición anterior, conta cun plano ambicioso de actividades extraescolares no que se integra INTRES. A elevada participación do alumnado fai posible a edición dos dous números anuais e reflíctese nun aumento da media de páxinas de cada número: das 60 páxinas dos anos 90 pásase as 100 coas que se publican actualmente.

A organización do traballo faise ao comezo de cada curso académico. En primeiro lugar preséntase a revista ao alumnado, tanto ao que vén novo como ao que xa a coñece. Constitúese entón un equipo de redacción cun subdirector/a de 1º ciclo de ESO e unha directora ou director do 2º ciclo de ESO/BAC/Ciclos, para tratar de integrar os máis pequenos/as e ao mesmo tempo delegar a maior responsabilidade naqueles que teñen algo máis de experiencia. O director/a e o subdirector/a son os encargados de coordinar (de xeito máis ben simbólico) o equipo e recollerán traballos que lles entreguen os seus



INTRES, A NOSA HISTORIA



compañeiros e compañeiras. Como é lóxico, o equipo de redacción está composto por un elevado número de membros do profesorado, que fai un labor de incentivación, selección e corrección de traballos, sen o cal non sería posible a edición da revista. A coordinación real da revista corre tamén a cargo de unha ou dúas profesoras ou profesores.

Até o ano 2004, a revista INTRES editábase en off-set, para o cal é enviada a unha imprenta de Vigo, que se encarga tamén da maquetación. O contido da revista enviábase en soporte dixital, se ben de certos materiais gráficos aínda se entregaba o orixinal nun principio, debido á falta de medios que dixitalizasen imaxes con calidade. Este sistema supuña contar cunha ampla marxe de tempo entre o envío dos contidos e a saída do número impreso. A partir do ano 2004 a revista maquétase no centro con programa Page Maker e cámbiase o sistema

off-set pola impresión dixital, que agora se realiza nunha fotocopiadora de Santiago de Compostela. Este cambio supuxo unha maior axilización do proceso e permite que a revista presente unha maior actualización, é dicir, pódense publicar artigos que se elaboran na semana anterior á edición.

Nos dous últimos anos, foi cambiando o deseño da revista, creándose unha serie de seccións fixas que facilitan a súa maquetación. Seccións coma Intres Actuais, Intres divulgativos, Intres Creativos, Intres deportivos, Intres musicais, Pasaintres... dan unha idea da variedade de contidos que teñen cabida na revista. Hai números nos que se inauguran seccións como a de Intres Diseñados, debido á gran cantidade e calidade das bandas deseñadas presentadas polo alumnado.

A pesares destes medios, e debido tal vez ao amplo número de colaboradores e a unha chea de factores máis, a revista foi retrasando a súa data de saída: o número de Nadal publícase agora en xaneiro-febreiro e o de maio pasou a publicarse xa no final do curso.

O máis destacable da revista INTRES é o elevado número de participantes, tanto do alumnado coma do profesorado, que colaboran na súa confección. Esta participación é a que fai posible que se editen dous números en cada curso dunhas 100

páxinas. É significativo tamén, que o 95% dos contidos sexa elaborado polo alumnado, o que fai que a revista sexa unha auténtica revista de centro, lida e moi ben acollida pola totalidade da comunidade educativa.

Para rematar, cómpre engadir que a historia de Intres non pode contarse sen facer unha especial mención de Manuel Díaz, "Rosendo", aquel profesor de Literatura Española, hoxe xubilado, en cuxa aula se fraguou a idea de publicar unha revista escolar. El foi quen conseguiu que unha xeración de alumnos e alumnas tras outra se interesase e ilusionase por participar en INTRES. E seu é o espírito que sempre guiou a revista: que fose o alumnado o protagonista, verquendo nas súas páxinas a súa opinión e dando a coñecer as súas creacións, ou formando parte do consello de redacción e da dirección.

Hoxe, os medios técnicos teñen mellorado, e moito; e os recursos humanos e materiais téñense incrementado. Pero sen o esforzo, sen a dedicación, sen a ilusión e sen a capacidade de transmitir esa ilusión de Manuel Díaz, INTRES non estaría a piques de cumprir o seu XXV aniversario, pois ninguén tería tomado o relevo para continuar tirando do alumnado, e do profesorado tamén, para conseguir sacar dous números da revista por ano.